Euonymus japonicus Thunb., 1784

- evónimo do Xapón, fuseira xaponesa, pucho de crego, boneteiro
- bonetero (del Japón), evónimo
-
- evònim del Japó
- spindle tree
- evónimo do Japão



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Celastrales**	**Celastraceae**	***Euonymus***

ORIXE

O Xapón, Corea e A China.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto perennifolio que pode acadar de 1,5-4 m de altura. Follas de ovais a elípticas, de cor verde escura brillante, coas marxes finamente dentadas ou serradas. Existen variedades con bordos brancos ou centros amarelos. Flores pequenas, pouco vistosas, de cor branca verdosa, agrupadas en cimas densas, con catro pétalos. Os froitos son cápsulas globosas, avermelladas, con sementes cun arilo alaranxado.

HÁBITAT

Bosques costeiros e matogueiras, adaptándose ben a solos ricos e ben drenados, preferindo pleno sol ou semisombra, e tolerando ben o vento e a salinidade.

DISTRIBUCIÓN

Asia, Europa, Nova Zelandia e Australia.

CURIOSIDADES

Ten un nivel de toxicidade moderada para humanos e mascotas se se inxiren as súas follas ou froitos, xa que conteñen glucósidos cardíacos que poden afectar ao corazón.